


PELÍCULAS E MÚSICA



NAIS E PAIS



HAI QUE LER!

IES A PONTEPEDRIÑA

R/ Amor Rubial, 28
15702 Santiago de Compostela
Telf.: 981531013
Fax.: 981593605

<http://centros.edu.xunta.es/iesponpedrina/>
Pedriñas blog do ENLD www.blogoteca.com/pedrinhas

GUÍA DE LECTURAS VACACIONES DE VERÁN CURSO 10-11

BIBLIOTECA
IES PONTEPEDRIÑA




NESTE VERÁN...

MERGÜLLATE NA

LECTURA!!

FELICES VACACIÓN!!

VACACIONES 1º - 2º ESO




Os cabalos do meu tío. Gonzalo Moure.

O mellor das vacacións non é estar sen facer nada. Sábeo moi ben Dario, quen, cos seus dez anos encárgase de coidar dos cabalos do seu tío en Acacias, unha aldea na beiramar. A vida próxima aos animais, cabalar coa súa amiga Paula, o campo, a praia, un sol dourado ou nubes cheas de chuvia... faranlle lembrar sempre “ese verán que parece todos os veráns da vida”

A coroa de Napoleón. S. Jaureguizar.

Unha nova misión de Tintimán despois do éxito na pesquisa da misteriosa secta da Irmandade Xelmírez. Nesta aventura, vaino acompañar a moza máis guapa do mundo, Sonia, e o Señor Grozni, o gato heraldo de seu pai; dende Compostela vaille axudar a namorada e servicial Mónica, quen lle mantén limpia a casa e chea a neveira de comida sa, tirando ao lixo os dónuts e bollycaos que tanto lle gustan a el; nun fotolog vai contando o clima das relacións entre os dous.



Memorias dun neno labrego. Xosé Neira Vilas.

"Eu son Balbino. Un rapaz de aldea. Coma quen di, un ningún. E ademais, pobre". Así comezan as reflexións do neno protagonista, no territorio limitado do mundo rural galego. Un bo momento para ler ou volver a ler esta xoia da nosa literatura.



VACACIONES 3º- 4º ESO




Carolina namórase. Federico Moccia.

Carolina é unha moza como as demais: quere facer más cousas das que os seus pais lle permiten, a súa paga semanal nunca lle chega para todo o que lle gustaría, quere unha moto para poder moverse con liberdade e ten a cabeza chea de ideas propias que nunca encaixan coas dos adultos...

Asasinato no Consello Nacional. Diego Ameixearas.

Está protagonizada polo detective Alberte Cudeiro e a acción principal ten lugar en abril de 2009. No tempo narrado hai frecuentes saltos no tempo, desde 1936, até o momento do asasinato de Mario, pasando pola década de 1980 , de 1990 e 2000 nas que transcorre a mocidade de diversos personaxes. A novela está chea de referencias culturais contemporáneas, desde musicais (Sonic Youth, , Real Filharmonía de Galicia, , Alice in Chains...), cinematográficas (Antonioni...) , filosóficas (Michael Löwy,) ou literarias (Sam Spade...).



A Mansión dos Murmuriños. David Muñoz, Tirso Cons e Javi Montes.

A obra presenta nesta primeira entrega o arranque dun guión que mestura fantasía e retrincos de realidade: transformacións monstruosas da condición humana, mansión recóndita e misteriosa, experimentos nazis, pasadizos secretos, guerra... unha intriga cuxa orixe procede dun remoto pasado e que avanza nunha atmosfera pechada e inquietante, cun grafismo tenebroso e á vez dinámico no que o xogo de luces e sombras e a elección de cores sombrías se adaptan aos requisitos da historia.



"Indignádevos!". Stéphane Hessel.

Libro do que se venderon máis de dous millóns de exemplares en Francia, tamén se pode ler en galego. O escritor Manuel Rivas asina o prólogo desta obra directa, reivindicativa e axitadora, cuxo autor, un veterán supervivente da barbarie nazi, se dirixe aos seus recios 93 anos á sociedade en xeral, e á mocidade en particular, para que reaccione ante ainxusta realidade social, económica, política e medioambiental.

As palabras que move o mar. Xaime Toxo.



Catro relatos longos que teñen como fio condutor a memoria e a construción da identidade neses recordos que permanecen imborrables na nosa vida ao longo dos anos. Porque determinadas impresións de natureza emocional, visual, olfactiva, táctil nos acompañan nesta viaxe de asombro e dúbidas que é a vida durante toda a travesía.



Non hai noite tan longa. Agustín Fernández Paz.

Gabriel Lamas ten cincuenta anos e vive en París desde 1970. Aos dezaoito anos marchou de Monteverde, a súa vila natal, e nunca máis volveu. Só trinta e dous anos despois, o falecemento da súa nai é o que o forza a regresar. Entón, comprobará que nunca podemos fuxir do noso pasado e que as feridas mal curadas non deixan de supurar.